

Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014 - 2020



COMISIÓN EUROPEA. FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL  
[http://ec.europa.eu/agriculture/rural-development-2014-2020/index\\_es.htm](http://ec.europa.eu/agriculture/rural-development-2014-2020/index_es.htm)


MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE  
<http://www.magrama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/default.aspx>

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
[http://mediorural.xunta.gal/areas/desenvolvemento\\_rural/presentacion/](http://mediorural.xunta.gal/areas/desenvolvemento_rural/presentacion/)



OBXECTIVO	MEDIDA	TOTAL CONTRIBUCIÓN PÚBLICA (€)	%
<b>PRIORIDADE 1: Fomentar a transferencia de coñecementos e a innovación na agricultura, a silvicultura e as zonas rurais</b>			
1A: Fomentar a innovación, a cooperación e a base de coñecementos 5,02% do gasto do PDR	01 Coñecemento		
1B: Reforzar vínculos (coa investigación, etc.) 815 proxectos de cooperación	02 Servizos de asesoramento		
1C: Formación 49500 participantes formados	16 Cooperación		
<b>PRIORIDADE 2: Viabilidade das explotacións, competitividade e xestión sostible dos bosques</b>		<b>315 853 000</b>	<b>26,81</b>
2A: Resultados económicos, restructuración e modernización	01 Coñecemento	2 400 000	0,20
4,93 % das explotacións destinatarias de apoio do PDR	02 Servizos de asesoramento	16 680 000	1,42
	04 Investimentos	207 925 000	17,66
	06 Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresas	14 400 000	1,22
	16 Cooperación	3 240 000	0,28
2B: Relevo xeneracional	01 Coñecemento	4 228 000	0,36
2,71% das explotacións cun plan de desenvolvemento empresarial/investimentos para novos agricultores financiadas polo PDR	06 Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresas	66 800 000	5,67
<b>PRIORIDADE 3: Fomentar a organización da cadea alimentaria, incluíndo a transformación e a comercialización dos produtos agrícolas, o benestar animal e a xestión de riscos.</b>		<b>135 176 000</b>	<b>11,48</b>
3A: Mellora da competitividade dos produtores primarios	01 Coñecemento	1 456 000	0,12
10,63 % de explotacións agrícolas, subvencionadas por participar en réximes de calidade, mercados locais e circuitos de distribución curtos, e agrupacións/organizacións de produtores	03 Réximes de calidade	15 840 000	1,35
	04 Investimentos	94 680 000	8,04
	09 Agrupacións/Organizacións de produtores	5 360 000	0,46
655 operacións de investimentos financiadas en M04	16 Cooperación	17 840 000	1,52
<b>PRIORIDADE 4: Restaurar, conservar e mellorar os ecosistemas relacionados coa agricultura e a silvicultura</b>		<b>404 068 000</b>	<b>34,32</b>
4A Biodiversidade	01 Coñecemento	2 548 000	0,22
3,01 % de superficies agrícolas baixo contratos	04 Investimentos	16 600 000	1,41
2,61 % da superficie forestal cuberta para contribuir a restaurar, conservar e mellorar os ecosistemas relacionados co sector forestal	07 Servizos básicos	5 760 000	0,49
	08 Bosques	176 280 000	14,97
	10 Agroambiente e clima	65 520 000	5,55
4B Xestión hídrica	11 Agricultura ecolóxica	12 680 000	1,08
10,87 % de superficies agrícolas baixo contratos	13 Zonas con limitacións naturais	116 000 000	9,85
2,61 % da superficie forestal cuberta para contribuir a restaurar, conservar e mellorar os ecosistemas relacionados co sector forestal	15 Medio Forestal	4 360 000	0,37
4C Erosión e xestión de solos	16 Cooperación	4 520 000	0,38
10,87 % de superficies agrícolas baixo contratos			
2,61 % da superficie forestal cuberta para contribuir a restaurar, conservar e mellorar os ecosistemas relacionados co sector forestal			

OBXECTIVO	MEDIDA	TOTAL CONTRIBUCIÓN PÚBLICA (€)	%
<b>PRIORIDADE 5: Eficiencia dos recursos e paso a unha economía hipocarbónica e adaptable aos cambios climáticos nos sectores agrícolas, alimentario e forestal</b>		<b>102 843 000</b>	<b>8,74</b>
5C 2 307 operacións que reciben axudas para investimentos en infraestrutura de pequena escala, incluíndo os investimentos en enerxías renovables e aforro enerxético	07 Servizos básicos	10 680 000	0,91
5D 3,53 % de UGM afectadas polo investimento de xestión de gando co fin de reducir as emisións de gases do efecto invernadoiro ou as emisións de amoníaco	04 Investimentos	15 795 000	1,34
5E 14 556 Ha de terra agrícola e forestal xestionada para fomentar a captura/conservación de carbono	01 Coñecemento	728 000	0,06
	08 Bosques	75 640 000	6,42
<b>PRIORIDADE 6: Inclusión social, redución da pobreza e desenvolvemento económico nas zonas rurais</b>		<b>219 560 000</b>	<b>18,5</b>
6A 407 postos de traballo creados en proxectos financiados	06 Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresas	26 320 000	2,24
	08 Bosques	53 360 000	4,53
	16 Cooperación	4 000 000	0,34
6B Promover o desenvolvemento local 55,50 % da poboación total de Galicia cuberta por estratexias de desenvolvemento local 600 postos de traballo creados (a través do LEADER)	07 Servizos básicos	31 320 000	2,66
51,08 % da poboación rural beneficiaria da mellora dos servizos /infraestruturas	16 Cooperación	1 920 000	0,16
600 postos de traballo creados en proxectos financiados (LEADER)	09 LEADER e desenvolvemento local participativo	84 000 000	7,13
6C 4,31 % da poboación rural beneficiaria de servizos/ infraestruturas (TIC) novos e mellorados	07 Servizos básicos	18 640 000	1,58
<b>Asistencia Técnica</b>		<b>8 760 000</b>	<b>0,7</b>
<b>Medidas sen continuidade</b>		<b>320 000</b>	<b>0</b>
<b>Gasto público total en EUR</b>		<b>1 186 400 000</b>	<b>100</b>



UNHA APOSTA DE FUTURO



Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014 - 2020



# Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014 - 2020

O Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia foi adoptado oficialmente pola Comisión Europea o 18 de novembro de 2015, e nel preséntanse as prioridades de Galicia no que respecta á utilización dos 1.186,4 millóns de euros de fondos públicos dispoñibles para o septenio 2014-2020.

Este novo programa dará continuidade á política en materia de desenvolvemento rural que vén realizando a Xunta de Galicia co apoio dos fondos comunitarios do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), máis concretamente a través do Programa de Desenvolvemento Rural 2007-2013, que finalizou a súa vixencia a finais de 2015.

Neste período de financiamento comunitario 2014-2020, Galicia percibirá 889,8 millóns de euros do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco da política agraria comunitaria, supoñendo un desembolso público de 1.186,4 millóns de euros no rural galego a través do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 (PDR), dos cales a Xunta de Galicia achegará un importe superior a 217 millóns de euros, mentres que a contribución do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (Magrama) será de 79 millóns de euros.



FEADER 2014-2020	889.800.000 €
APORTACIÓN XUNTA	217.572.000 €
APORTACIÓN AGE	79.028.000 €
PROGRAMADO TOTAL	1.186.400.000 €

O PDR de Galicia 2014-2020 establece tres liñas básicas de actuación, en concordancia cos obxectivos definidos pola Política Agraria Común:

## Liñas de actuación

### 1. Fomentar

Fomentar a competitividade da agricultura galega mediante a modernización das explotacións agrícolas e forestais, a incorporación de agricultores mozos en explotacións orientadas ao mercado e con capacidade de diversificación económica, a ordenación do territorio e a mellora da produtividade da industria agroalimentaria e forestal promovendo a produción de alto valor engadido.

### 2. Conservar

Conservar e revalorizar o patrimonio natural de Galicia, promover a xestión sostible dos recursos naturais e a loita contra o cambio climático.

### 3. Mellorar

Mellorar a calidade de vida da poboación rural fomentando a prestación de servizos básicos que axuden á fixación da poboación no medio rural, á creación de emprego e á redución do risco de pobreza.



## Obxectivos

## Liñas de apoio

O PDR fai un especial fincapé no relevo xeracional no agro galego. O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 destinará 66,8 millóns de euros para apoiar os mozos e mozas que queiran instalarse para desenvolver actividades agrícolas. A mellora das explotacións contará cun apoio de máis de 166 millóns de euros. Estas liñas están acompañadas co apoio ás pequenas explotacións con 14,4 millóns de euros. Axudarase tamén con 5,3 millóns de euros á necesaria creación de agrupacións de produtores que permitan mellorar a posición negociadora fronte ao mercado.



A formación de asesores, o emprego de servizos de asesoramento e o establecemento de servizos de substitución axudarán á mellora da rendibilidade e conciliación da vida laboral e familiar das familias dedicadas á produción de alimentos deste país. A consellería investirá neste PDR preto de 17 millóns de euros.

Para a mellora da base territorial e dos accesos ás explotacións investiranse 57,4 millóns de euros en infraestruturas relacionadas co desenvolvemento, adaptación e modernización da agricultura e a silvicultura (concentración parcelaria e camiños).

É necesario o apoio á industria agroalimentaria para permitir a vertebración do sector primario, incrementando o valor engadido das producións agrícolas e gandeiras. A través da liña de procesado, comercio e desenvolvemento de produtos agrícolas o PDR apoiará o sector industrial con máis de 94,7 millóns de euros (industria agroalimentaria). Ademais, para dinamizar as poboacións locais implantarase unha medida para o establecemento de canles curtas de distribución e mercados de proximidade con 4,5 millóns de euros. As indicacións xeográficas protexidas e as denominacións de orixe son un claro éxito do desenvolvemento das producións locais, e contarán co apoio de 15,84 millóns de euros.

O apoio ao sector forestal é un eixe prioritario do Programa de Desenvolvemento Rural:

- Prevención de danos causados por incendios, desastres naturais e catástrofes: 176,3 millóns de euros
- Investimentos en tecnoloxías forestais: 53,4 millóns de euros
- Establecemento e mantemento de superficies forestais (forestación): 49,3 millóns de euros
- Investimentos para aumentar a resiliencia e o valor medioambiental dos ecosistemas forestais (investimentos forestais de carácter ambiental): 18,7 millóns de euros
- Establecemento e mantemento de sistemas agroforestais: 7,6 millóns de euros



## Un medio rural dinámico

Un medio rural dinámico depende no só dun sector agroforestal; é por iso que a Consellería aposta pola dinamización da poboación rural a través do investimento, creación e desenvolvemento de actividades non agrícolas con preto de 26,3 millóns de euros.

O mantemento da poboación agraria nas zonas de montaña ou con outras limitacións naturais recibirá un apoio de máis de 116 millóns de euros.

O mantemento dunha agricultura e gandería sostibles e respectuosas co medio e os recursos naturais é unha prioridade do goberno galego. Con esta medida apóianse actuacións encamiñadas a prácticas extensivas de gandería de vacún de carne e leite, apicultura e de razas de pastos autóctonas e en perigo de extinción con 65,3 millóns de euros.



Por primeira vezponse en marcha unha liña especificamente dirixida á produción de agricultura ecolóxica cun apoio de 12,7 millóns de euros para o conxunto do período.

A innovación constitúe unha prioridade transversal no programa de desenvolvemento rural. É por iso que a Consellería do Medio Rural apoiará a constitución de grupos operativos da EIP para a implantación de innovacións no rural galego con 8,4 millóns de euros. Para a posta en marcha de proxectos piloto e cooperación entre axentes para organizar procesos comúns de traballo destinaranse preto de 11 millóns de euros. Así mesmo, a formación profesional e a adquisición de competencias recibirán un apoio superior a 11,4 millóns de euros, que se verán complementados con actividades de demostración, información, intercambios de breve duración e visitas.

A posta en marcha do programa apostará unha vez máis pola participación grazas ao enfoque LEADER, mediante o que a poboación rural será a protagonista, definindo ela mesma as súas estratexias de desenvolvemento local, para cuxo desenvolvemento se poñerán ao servizo 84 millóns de euros.

Deseguido indícanse as prioridades e os ámbitos de interese cos seus correspondentes obxectivos específicos e os orzamentos asignados.